



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E DA VALORIZACIÓN DE MADEIRA DE FRONDOSAS DE GALICIA NO CAMBIO DE USO DA FINCA DE LOURIZÁN

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria, segundo o *Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73) polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia*, na súa condición de presidenta da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 11 do *Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos* e do *Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria*.

Ricardo José Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña nomeado polo Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 de outubro).

Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA) ten adscritos o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (en diante CIF Lourizán) e o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (en diante CIS-Madeira). XERA está realizando a reforma arquitectónica e os cambios de uso na Finca de Lourizán, onde se encontra o CIF Lourizán, e por outra banda está a realizar en colaboración cos centros de investigación un proxecto de valorización sustentable das masas de frondosas caducifolias en Galicia.

SEGUNDO.- Que, consonte o artigo 2 do *Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos*, a Axencia ten entre os seus obxectivos procurar a diversificación dos produtos do monte destinados á industria forestal, promovendo sinerxías entre os distintos sectores da cadea monte-industria, mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso e con especial incidencia na segunda e seguintes fases, así como incentivar a divulgación e formación sobre actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, e coa xestión sustentable dos recursos, así como favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os



diferentes axentes vinculados á cadea forestal-madeira, particularmente entre as empresas do sector, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros públicos de investigación forestal.

TERCEIRO.- Que, de acordo co artigo 11 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, a investigación e unha das funcións fundamentais das universidades.

CUARTO.- Que a Universidade da Coruña (en diante UDC) é unha entidade de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento de actividades de investigación, docencia, desenvolvemento científico e tecnolóxico e a transferencia do coñecemento. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno.

QUINTO.- Que, no ámbito deste convenio a UDC conta cas seguintes escolas universitarias:

- A Escola Técnica Superior de Arquitectura, localizada no Campus da Zapateira en A Coruña, onde se imparten o grao de Estudos de Arquitectura, o Grao de Paisaxe e o Master Universitario de Arquitectura, o Master Universitario en Desafíos das Cidades e o Master Universitario en Rehabilitación Arquitectónica.
- A Escola Universitaria de Deseño Industrial, localizada no Campus de Esteiro en Ferrol, onde se imparte o Grao en Enxeñería de Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto, e o Master Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial.

SEXTO.- Que XERA entende que a boa execución do proxecto de Rehabilitación Arquitectónica e Cambios de Uso da Finca de Lourizán, reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación co desenvolvemento da actividade económica do sector forestal galego, polo que se considera prioritaria como motor do progreso económico e social de Galicia.

Por outra banda, no proxecto de valorización sustentable das masas de frondosas de Galicia, considérase fundamental acadar a fabricación de prototipos de novos produtos de madeira que podan empregar como materia prima a madeira de baixa calidade e diámetro de carballo, castiñeiro e bidueiro xerada durante nas masas xestionadas no proxecto.

SÉTIMO.- Para a consecución do obxectivos deste convenio, realizaranse as seguintes actuacións, que se expoñen máis detalladamente na cláusula segunda:

- Participación dun representante técnico de arquitectura da UDC na Comisión Técnica de seguimento do contrato de redacción do proxecto básico e de execución do proxecto de rehabilitación da Finca de Lourizán.
- Dar soporte técnico a XERA en calquera cuestión técnica e normativa en relación a rehabilitación arquitectónica e cambios de uso da finca de Lourizán, participando nas reunións de traballo da comisión técnica creada.
- Realización dun seminario técnico de arquitectura en relación a dita rehabilitación.
- Organización dun concurso para o deseño e prototipado de novos produtos de madeira, realizados con madeira de frondosas caducifolias de Galicia de baixa calidade e diámetro,



que podan integrarse na fase de execución da rehabilitación en cambio de uso da finca de Lourizán.

- Realización dunha xornada técnica final que inclúa unha exposición das propostas presentadas ao concurso de deseño.

OITAVO.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, deste xeito o presente convenio está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión da consecución dos obxectivos perseguidos de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio plurianual é regular a colaboración entre XERA e a UDC para o apoio técnico e divulgación do proxecto de rehabilitación arquitectónica e cambios de uso da finca de Lourizán, así como a realización das actuacións necesarias para a posta en valor da madeira de frondosas caducifolias de Galicia, durante o período 2026-2027.

SEGUNDA.- Actuacións e actividades a desenvolver.

1. Prestar **apoio técnico no ámbito da arquitectura e do paisaxismo** en relación a rehabilitación arquitectónica e cambios de uso da finca de Lourizán, nas cuestións que podan xurdir durante o período de vixencia do convenio, contando para iso cos expertos que forman parte da Escola Técnica Superior de Arquitectura, e **participando como membro** nas reunións, presenciais ou por videoconferencia, da **comisión de seguimento** constituída.
2. Organizar un **seminario técnico de arquitectura**, que permita dar a coñecer os traballos de rehabilitación da finca de Lourizán aos estudantes da Universidade relacionados, así como a sociedade en xeral.
3. **Organización dun concurso público de deseño**, co obxectivo de buscar propostas de produtos funcionais e tecnicamente viables de prototipado, elaborados a partir de madeira serrada de carballo, castiñeiro e bidueiro obtida nas parcelas de experimentación do proxecto de valorización sustentable de frondosas caducifolias de Galicia, e que podan formar parte dos elementos a incluír na fase de execución do proxecto de rehabilitación e cambio de uso da finca de Lourizán. Estableceranse alo menos tres categorías diferentes en función da tipoloxía de produto, e valorarase alo menos tres premios por categoría. Contempla a redacción das bases e pregos que regularán o concurso, a designación do xurado do concurso, a avaliación das propostas presentadas, a resolución de premiados e o pago dos correspondentes premios. Para esta actividade e a seguinte, a UDC, contará con persoal experto na materia da Escola Técnica Superior de Arquitectura, e da Escola Universitaria de Deseño Industrial. Pola parte de XERA, participará persoal dos centros tecnolóxicos CIS-Madeira e CIF-Lourizán.



4. Realización dunha **xornada final con unha exposición das propostas presentadas e premiadas no concurso**, co fin de ver a viabilidade técnica e económica do emprego de madeira galega de frondosas de baixa calidade e diámetro na elaboración de produtos comerciais.

TERCEIRA.- Contribución da UDC.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio a UDC, con cargo ás contribucións económicas realizadas, contará coa implicación dun equipo de profesionais multidisciplinar que incluírá, en todo caso, un investigador principal con ampla experiencia nas materias propostas.

Sen prexuízo do anterior, a UDC comprométese a executar en colaboración con XERA as actividades obxecto do presente convenio e a poñer tódolos medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo, executando en prazo as actividades e obxectivos comprometidos.

Así mesmo, a UDC fará constar a colaboración da XERA e da Xunta de Galicia en todos os documentos que deriven da execución da realización das actividades do convenio.

As actividades realizadas anualmente plasmaranse nun informe anual no que se reflectirán as diversas actividades levadas a cabo ao abeiro do convenio nos termos expresados na cláusula sexta.

CUARTA.- Contribución de XERA

XERA, a través da Dirección de Innovación Forestal, coordinará e tutelarás as actuacións obxecto de convenio, con excepción da actividade técnica no ámbito da arquitectura, e contribuirá á difusión da actividade investigadora realizada pola UDC ao abeiro do convenio.

Así mesmo autorízase ó persoal técnico dos centros de Investigación CIS-Madeira e CIF-Lourizán, centros dependentes de XERA, á participación no desenvolvemento das actividades descritas na cláusula segunda.

QUINTA.- Valoración e achegas económicas

O orzamento total do convenio ascende a **26.982,00 euros** para o conxunto do período de vixencia (anos 2026 e 2027), conforme á seguinte distribución por anualidades e conceptos de gasto:

Concepto	2026 UDC (€)	2026 XERA (€)	2027 UDC (€)	2027 XERA (€)	TOTAL (€)
Gastos de persoal	1.395,10	4.684,90	1.303,10	4.376,90	11.760,00
Servizos externos	0,00	3.890,00	0,00	5.500,00	9.390,00
Outros gastos	0,00	1.016,00	0,00	4.816,00	5.832,00
TOTAL	1.395,10	9.590,90	1.303,10	14.692,90	26.982,00

1. Gastos de persoal



Os gastos de persoal corresponden **exclusivamente a persoal propio da Universidade da Coruña (UDC)** que participa na execución das actuacións previstas no convenio, sen que en ningún caso exista relación laboral co XERA.

A financiación destes gastos estrutúrase do seguinte xeito:

- A **UDC asume o 22,95 % do custo do seu propio persoal**, como contribución en especie, sen que supoña desembolso económico efectivo.
- XERA financia o **77,05 % restante destes gastos de persoal**, mediante achega dineraria á UDC, en concepto de compensación polos custos efectivamente soporados.

Estas porcentaxes aplicaranse sobre o custo total do persoal imputado ao convenio, de acordo coa distribución indicada na táboa anterior e coa memoria económica que figura como anexo.

2. Servizos externos e outros gastos

Os conceptos de **servizos externos e outros gastos** (incluíndo indemnizacións por razón de servizo, gastos asociados ás actividades e premios do concurso) serán financiados integramente por XERA, mediante achega económica á UDC, conforme ás contías detalladas.

3. Achega total das partes

- A achega total da **UDC** ascende a **2.698,20 euros**, correspondente á valorización do 22,95 % dos custos de persoal propio.
- A achega total de **XERA** ascende a **24.283,80 euros**, correspondente ao financiamento do 77,05 % dos gastos de persoal da UDC e ao 100 % dos restantes conceptos de gasto necesarios para a execución do convenio.

4. Natureza das achegas

As achegas económicas de XERA teñen natureza de **compensación polos custos e gastos asumidos pola UDC** na execución das actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non existindo ánimo de lucro entre as partes .

5. Aplicación orzamentaria

As cantidades correspondentes á achega de XERA aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria **09.A4.741A.640.0, código de proxecto 2023.00003**, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da xustificación.

SEXTA.- Condicións de pagamento



XERA aboará anualmente á UDC as contías establecidas na cláusula quinta, só despois da recepción e conformidade da Axencia dos informes de actuación e demais documentos que corresponda facer e entregar anualmente.

Para a xustificación das actuacións, a UDC remitirá á Axencia Galega da Industria Forestal a documentación seguinte:

- Documentos que recollan as actividades realizadas no período de xustificación.
- Informe das actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Xustificantes de gasto (nóminas, seguros sociais, dietas e gastos de viaxe do persoal) propio da UDC ou contratado que participe nas actividades previstas no convenio, así como no seu caso, facturas ou recibos de honorarios de persoal externo que participe no desenvolvemento das actividades, así como facturas derivadas das actividades e reunións. A data de inicio da xustificación dos gastos será a partires da sinatura do presente convenio.
- Xustificante de pago dos gastos anteriores. Para os efectos da súa consideración como gasto, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira. Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto, as certificacións emitidas polos órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

A UDC remitira á Axencia antes do quince (15) de novembro de cada ano os documentos sinalados no parágrafo anterior, agás para a anualidade 2027, cuxa data límite para a dita remisión será o 30 de outubro.

En particular, a UDC presentará un informe de actuación anual no que se describirán detalladamente as actividades realizadas, os resultados obtidos, o grao de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos perseguidos e a xustificación do custe económico incorrido.

A UDC asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

SÉTIMA .- Comisión de Seguimento

Co obxectivo de acadar unha maior eficacia e operatividade nas relacións entre as partes, constituirase unha comisión mixta, de carácter paritario, integrada por dúas persoas representantes de XERA e por dúas persoas representantes da UDC, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha (1) vez ó trimestre.



Dita Comisión constituirase no prazo de trinta (30) días, contados a partires da data da sinatura deste convenio.

A Comisión realizará o seguimento, vixilancia e control da execución de convenio e das obrigas asumidas pola partes, adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- Modificación

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes, sempre que esta modificación non supoña un incremento do custe total das actividades a desenvolver no período de vixencia do convenio.

Non obstante, a comisión de seguimento poderá aprobar modificacións entre as partidas de gastos correspondentes a cada anualidade consignadas, sen que en ningún caso as ditas modificacións supoñan nin un incremento do gasto máximo asumido anualmente pola XERA nin modificación da aplicación orzamentaria establecida na cláusula quinta deste convenio.

NOVENA.- Resolución e prórroga do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- O acordo mutuo das persoas asinantes
- O incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no convenio
- Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

O convenio poderá prorrogarse por un (1) ano, logo do acordo entre ambas as dúas partes, antes da finalización do período de vixencia do presente convenio.

DÉCIMA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o trinta e un (31) de decembro do 2027.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración dos participantes para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa súa firma, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que aparecen nel e máis o resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico

O presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares. Así mesmo está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMO TERCEIRA.- Relacións Laborais. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais XERA, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Interpretación e xurisdición

A interpretación do convenio e as dúbidas que xurdan sobre como se ten que cumprir serán debatidas na comisión de seguimento sinalada anteriormente, sen prexuízo da posibilidade de interpor o correspondente recurso ante a xurisdición contencioso administrativa, competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e da UDC. A información que se obteña, os resultados que se alcance poderán ser difundidos con autorización expresa de UDC e XERA. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

DÉCIMO SEXTA. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 679/2016 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O tratamento de datos faise de acordo co regulamento e coa lei orgánica citados, así como co resto da lexislación española aplicable, e este tratamento responde aos principios de litude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.”



E, en proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio.

Axencia Galega da Industria Forestal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

María Jesús Lorenzana Somoza
Presidenta

Ricardo José Cao Abad
Reitor



Anexo I. Memoria económica

Actividades		2026			2027		
		UDC	XERA	TOTAL	UDC	XERA	TOTAL
1. Apoio técnico no ámbito da arquitectura e do paisaxismo na rehabilitación da finca de Lourizán polos expertos que forman parte da Escola Técnica Superior de Arquitectura.	Persoal propio	441,10 €	1.478,90 €	1.920,00 €	441,10 €	1.478,90 €	1.920,00 €
	Servizos externos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Outros gastos: Indemnizacións Servizos	0,00 €	416,00 €	416,00 €	0,00 €	416,00 €	416,00 €
2. Organización de seminario técnico de arquitectura.	Persoal propio	477,00 €	1.603,00 €	2.080,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Servizos externos	0,00 €	3.100,00 €	3.100,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Outros gastos: Indemnizacións Servizos	0,00 €	600,00 €	600,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Organización concurso de deseño	Persoal propio	477,00 €	1.603,00 €	2.080,00 €	257,00 €	863,00 €	1.120,00 €
	Servizos externos	0,00 €	790,00 €	790,00 €	0,00 €	1.900,00 €	1.900,00 €
	Outros gastos: Indemnizacións Servizos e Premios do concurso	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	3.600,00 €	3.600,00 €
4. Realización dunha xornada e unha exposición final das propostas presentadas e premiadas no concurso.	Persoal propio	0,00 €	0,00 €	0,00 €	605,00 €	2.035,00 €	2.640,00 €
	Servizos externos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	3.600,00 €	3.600,00 €
	Outros gastos: Indemnizacións Servizos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	800,00 €	800,00 €
TOTAL DESAGREGADO POR CONCEPTOS:	Persoal propio	1.395,10 €	4.684,90 €	6.080,00 €	1.303,10 €	4.376,90 €	5.680,00 €
	Servizos externos	0,00 €	3.890,00 €	3.890,00 €	0,00 €	5.500,00 €	5.500,00 €
	Outros gastos: Indemnizacións Servizos e Premios do concurso	0,00 €	1.016,00 €	1.016,00 €	0,00 €	4.816,00 €	4.816,00 €
TOTAL:		1.395,10 €	9.590,90 €	10.986,00 €	1.303,10 €	14.692,90 €	15.996,00 €

